



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 13-02-2026

Data final de exposición: 13-04-2026

O Porriño, a de de

DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Expte.: 6306/2024

Mediante Decreto da Alcaldía, número 2024-3743 de data: 04/12/2024, aprobáronse as Bases da convocatoria que regulan o proceso selectivo para cubrir, con carácter interino, unha praza vacante da plantilla do orzamento municipal do 2024, encadrada dentro do persoal funcionario de carreira na escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, asociada co posto da Relación de Postos de Traballo nº 09.00.00.07, publicándose as Bases do proceso selectivo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 249 do 26/12/2024 e o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº 57 do 24-03-2025.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal cualificador, de conformidade coa base 19ª das Bases que rexen o proceso selectivo, confeccionou unha lista reserva cos opositores que superaron todos os exercicios da oposición, ordenados pola puntuación final obtida no proceso selectivo, para os efectos de cubrir futuras necesidades de emprego de carácter interino ou temporal, ou para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Esta Alcaldía de conformidade coa lista de reserva elaborada polo Tribunal do proceso selectivo e no uso das atribucións conferidas no artigo 21.1. h) e s) e 102.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 136 do RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 41.14 e 27 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación, por orde de puntuación decrecente, das persoas que conforman a LISTA DE RESERVA para prestar servizos de ADMINISTRATIVO, para os efectos de cubrir futuras necesidades de emprego de carácter interino ou temporal, ou para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso selectivo, quedando a lista de reserva formada do seguinte xeito:

Nº ORDE	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	CUALIFICACIÓN FINAL
1º	COSTAS	GÓMEZ	LUCÍA	***7208**	10,26
2º	FOLGAR	MARIÑO	SERAFÍN	***1413**	7,53
3º	DOS ANJOS	LAGO	AGUEDA	***7426**	7,00

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

DECRETO
Número: 2026-0430
Data: 12/02/2026

Cod. Validación: ZDYM836LWJK79XNXC9WTFCTG
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Concello do Porriño

SEGUNDO.- A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

TERCEIRO.- As persoas que figuran na lista de reserva deberán manter os requisitos esixidos na convocatoria para poder permanecer nela, pois en caso contrario quedarán excluídos da mesma.

CUARTO.- A lista de reserva terá vixencia ata a confección dunha posterior que co mesmo obxecto e finalidade a substitúa. Por conseguinte, perderán vixencia todas as listas de reserva ou bolsas de emprego de interinos/as correspondentes á categoría da prazas convocada xeradas a partir de toda clase de procesos selectivos anteriores á presente convocatoria.

QUINTO.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse os recursos seguintes:

A) Recurso potestativo de reposición, perante o órgano administrativo que ditou esta resolución, no prazo de UN MES, contado desde o día seguinte ó da súa publicación simultánea nos citados medios.

B) Recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da súa publicación simultánea nos citados medios, se opta pola impugnación directa ante o orden xurisdicional contencioso-administrativo, ou desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

C) Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

DECRETO
Número: 2026-0430 Data: 12/02/2026

Cod. Validación: ZDYIM836LWJK79XNCYC9WTFCTG
Corrección: <https://oporino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestora esPublico | Páxina 2 a 2

